

O NOSO DÍA

Hong Sangsoo, 2023

1332

ESTREA EN NUMAX: 12.07.2024 | V.O.S.G. | +12 | 85 min

Durante un día de verán en Seúl, a actriz Sangwon instálase en casa da súa boa amiga Jungsoo e o seu gato, Mío. Alí, reencóntrase coa súa curmá Jisoo, que desexa comezar unha carreira na interpretación seguindo os seus consellos.

Paralelamente, ao outro lado da cidade, o poeta Hong está tentando deixar, con moita dificultade, o alcol e o tabaco, ao tempo que recibe a visita de dous estudantes que teñen preguntas moi serias sobre a vida e a arte. Mentres o día avanza, as conversas flúen e compártense os pequenos praceres cotiás, van aflorando as casualidades.

«Tan cálida e sabia como sinxela e desenfadada»

Brandon Yu, THE NEW YORK TIMES



Entrevista con Hong Sangsoo: «Intento facer películas da forma máis lixeira posible»

Como está vostede? Teño algúns problemas de vista, pero, á parte diso, estou ben. Grazas por preguntar.

Ten isto algún impacto na súa forma de facer películas? Poida que aínda non me dera conta, pero si que inflúe nos meus hábitos de traballo.

Cal foi a primeira idea que o levou a escribir *O noso día*? Sempre tiven ese desexo de facer películas. Para esta partín de dous actores, Ki Joobong e Kim Minhee. Non podería dicir conscientemente por que, pero elixinos desde o primeiro momento. Primeiro foi Ki Joobong, que me enviaba unha foto que aínda gardo no móbil. Logo fixen unha foto de Kim Minhee e as dúas fotos xuntáronse na galería do móbil. Os dous ían vestidos de branco, e ese foi quizá o punto de partida da película.

Agora asume todos os roles técnicos, que o levou a reducir así o seu equipo? Tiña o desexo, quizá tamén inconsciente, de facer películas da forma máis lixeira posible. Película tras película fun adquirindo habilidades técnicas, primeiro na montaxe, o son e ao final na fotografía. Hoxe en día paréceme importante poder conectar todas as facetas da produción sendo eu mesmo o vínculo entre todas esas áreas.

A cuestión do retrato, mesmo do autorretrato, está no centro da película. O protagonista interpretado por Ki Joobong chámase Sr. Hong e Kim Minhee fala sobre a súa profesión de actriz. Redobra ese retrato a través deses admiradores que visitan aos dous artistas para facerlles preguntas. Por que esa dimensión reflexiva, que tende a acentuarse? Para un amante da pintura, como é vostede, é importante o retrato? As miñas obras, obviamente, teñen algo de min, e obteño parte da miña inspiración nas miñas lecturas, nas pinturas que miro. Pero sempre tento non crear unha representación de min mesmo. Aos 22 anos tentei escribir un guión sobre un feito que me pasaba. Loitei por facer esa película durante un ano, pero non conseguín facela. Foi entón cando entendín que non tiña sentido tentar copiar a realidade. Provocoume un bloqueo psicolóxico que me impedía crear libremente. Por iso trato de mesturar detalles de diferentes fontes para obter a distancia necesaria entre o suxeito e eu. Con todo, é certo que a medida que me fago maior eses detalles que uso están cada vez máis preto de min.

Hai n'*O noso día*, do mesmo xeito que n'*A muller que escapou* (2020), unha forte presenza de gatos. Aquí tamén se dedica un zoom á mascota. É algo que se escapa á interpretación. Pode dicirnos algo sobre o tema? Como cineasta podes abarcar toda a experiencia humana e podes ter o control no set, no cambio de iluminación e demais. Os gatos, en cambio, non te escoitan. Os cans tampouco. Quería incluír a presenza de gatos nestas dúas películas porque son parte da miña experiencia do mundo. Cando escribín pola mañá, ocorrúseme a idea de incluír ao gato, que era da propiedade do piso no que rodabamos, e por tanto, pasabamos tempo con el no set. Escribín aberto ao que puidese pasar co gato no marco da rodaxe. Pero, incrivelmente, nas dúas películas, os gatos fixeron exactamente o que esperaba deles, así que estou moi agradecido.

No último plano do filme anuncia un regreso un pouco máis importante do alcol ao seu cinema? Tiven que deixar de beber polos meus problemas oculares pero volví beber un pouco. Así que é posible que o alcol volva estar presente nos meus filmes.